

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0264	Moda e tendencias	2023/2024	4	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARISOL FERNÁNDEZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

En base á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ó Real Decreto 1538/2206 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, fixéronse as bases da estrutura dos títulos de formación profesional a nivel do Estado.

En base a esta e outra normativa, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer os currículos dos ciclos formativos no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, aprobouse o Decreto 67/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO correspondente ao título de Técnico en Confección e Moda.

Segundo o dito Decreto, o módulo de MODA E TENDENCIAS inclúese no CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO EN CONFECCIÓN E MODA pertencente á Familia Profesional Téxtil, Confección e Pel.

O ciclo ten unha duración total de 2000 horas distribuídas en 2 anos académicos. Este módulo impártese no primeiro, segundo e tercer trimestre, é decir, no primeiro curso. Ten unha duración de 107 horas, que se distribúen en 4 sesións semanais de 60 minutos de duración.

Segundo o Decreto polo que se establece o currículo, este é un módulo NON asociado a unidade de competencia.

Dentro do sector produtivo no que se ubica o perfil profesional do Técnico Superior en Patronaxe e Moda,

- este poderá exercer a súa actividade:

no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaría, en pequenas, medianas e grandes empresas, sea por conta allea ou propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

- desempeñando as seguintes ocupacións:

Deseñador técnico/a de patronaxe con CAD/CAM. Deseñador técnico/a de confección con CAD/CAM. Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i). Técnico/a en desenvolvemento do produto.

Encargado/a de oficina técnica. Modelista-patronista de peletaría. Modelista-patronista de prendas de vestir. Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras. Patronista-escalador de prendas de vestir.

Técnico/a en confección industrial. Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro. Técnico/a en control de calidade de confección. Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro. Técnico/a de organización. Xefe/a de fabricación. Xefe/a de calidade. Xefe/a de sección. Xefe/a de equipo

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	XUSTIFICACIÓN E MOTIVACIÓN DA INDUMENTARIA HUMANA.	CALES SON OS MOTIVOS POLOS QUE O SER HUMANO VISTIUSE E VISTESE	8	15
2	EVOLUCIÓN DA INDUMENTARIA A TRAVÉS DA HISTORIA.	VISIÓN DAS DIFERENTES CULTURAS E AS SÚAS INDUMENTARIAS AO LONGO DA HISTORIA	30	20
3	ELABORACIÓN DE FIGURINOS E ESBOZOS DE PRENDAS DE VESTIR.	ESTUDO DOS CÁNONES DA FIGURA HUMANA, A REALIZACIÓN DE FIGURINS E O DESEÑO PLANO	30	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	ELABORACIÓN DE PALETAS DE COR E TEXTURAS.	ESTUDO DA COR E DAS TEXTURAS E A SÚA IMPORTANCIA DENTRO DO DESEÑO DE MODA	12	15
5	IDENTIFICACIÓN DE TENDENCIAS.	SABER O QUE SON AS TENDENCIAS E COMO IDENTIFICALAS	12	15
6	A COLECCIÓN DE MODA	ESTUDO DOS PASOS A SEGUIR E REALIZACIÓN DUNHA COLECCIÓN	15	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	XUSTIFICACIÓN E MOTIVACIÓN DA INDUMENTARIA HUMANA.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xustifica as razóns do home para vestirse, e analiza as súas motivacións.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Xustificáronse as razóns relacionadas coa protección como motivación para vestirse.
CA1.2 Analizáronse razóns como o pudor e o adobío como motivación para vestirse.
CA1.3 Analizáronse as razóns de índole social (posición social, integración, diferenciación dos demais, etc.) como motivación para vestirse.
CA1.4 Analizáronse outras razóns como motivacións para vestirse.

4.1.e) Contidos

Contidos
Indumentaria como necesidade de protección en relación ao medio. Análise do pudor como motivo moral na vestimenta. Adobío e ornamentación como factores estéticos. Diferenciación entre culturas. Indumentaria como indicador de estatus social e valoración. Vestimenta como axente facilitador de integración nun círculo social determinado. Caracterización como pertenza a un grupo (tribos urbanas, etc.) a través da indumentaria.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	EVOLUCIÓN DA INDUMENTARIA A TRAVÉS DA HISTORIA.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as características da indumentaria ao longo da historia humana en relación coa evolución histórica, cos estilos de vestir e coas tendencias do momento.	SI
RA3 - Identifica os factores que inflúen na evolución da indumentaria en relación cos avances tecnolóxicos e co concepto de moda ao longo da historia.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionouse a historia da indumentaria coa da humanidade.
CA2.2 Clasificáronse deseños de pezas de vestir dalgúns dos deseñadores de moda actuais en función de criterios estilísticos.

Criterios de avaliación
CA2.3 Recoñeceuse a tendencia na obra de diferentes autores.
CA2.4 Analízase o papel da muller na estrutura industrial e social, e a súa repercusión na moda do vestir.
CA2.5 Descríbense as características básicas do deseño de alta costura e prêt-à-porter .
CA2.6 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes na confección de deseños de alta costura e prêt-à-porter .
CA3.1 Relacionáronse os fenómenos industriais coa organización dos procesos industriais e a aparición de novas tecnoloxías.
CA3.2 Analízase a aparición da máquina de coser e a súa influencia na transformación do vestido e o seu proceso de confección.
CA3.3 Relacionouse o avance tecnolóxico coa aparición das tempadas anuais de modo de vestir e do concepto de moda .
CA3.4 Identifícanse os acontecementos tecnolóxicos e os cambios nos modos e os estilos de vestir.
CA3.5 Razoouse a aparición do deseñador de moda e as súas funcións.
CA3.6 Describiuse a organización actual da moda, as tempadas e as pasarelas.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Evolución da indumentaria a través da historia.</p> <p>Confección ready to wear e prêt-à-porter : características funcionais e técnicas (deseños sen personalizar).</p> <p>Casas de modas: figura do deseñador.</p> <p>Problemas na confección dos deseños de alta costura e a súa solución.</p> <p>Problemas na confección de deseños prêt-à-porter e a súa solución.</p> <p>Factores que inflúen no modo de vestir na historia da humanidade: fenómenos políticos, militares e culturais.</p> <p>Indumentaria das persoas primitivas e das primeiras civilizacións.</p> <p>Indumentaria desde os grandes imperios da antigüidade ata a Idade Media: da elegancia clásica á Europa medieval.</p>

Contidos
<p>Indumentaria desde a Idade Media ata mediados do século XIX: do Renacemento ao reinado da crinolina e o polisión.</p> <p>Movements culturais que influíron na evolución da vestimenta: factores económicos, sociais, etc.</p> <p>Cambios sociais e entrada da muller no mundo laboral: repercusión na moda. Época da primeira guerra mundial.</p> <p>Deseños de moda actuais.</p> <p>Importancia da confección á medida na industria (deseños de alta costura): características funcionais e técnicas (individualidade e pezas personalizadas).</p> <p>Revolución Industrial: proceso de produción mecanizada. Cambios na sociedade e a moda no vestir.</p> <p>Revolución da vestimenta coa aparición da máquina de coser e as súas consecuencias: talles e produción en serie.</p> <p>Avance das novas tecnoloxías: división do traballo, incremento da produción de bens materiais, redución da cantidade de traballo, etc.</p> <p>División do ano en tempadas para o vestir: primavera-verán e outono-inverno.</p> <p>Aparición do concepto de moda .</p> <p>Novas tecnoloxías. Máquinas e utensilios que inflúen na moda do vestir: deseño de pezas e tecidos asistido por computador.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	ELABORACIÓN DE FIGURINOS E ESBOZOS DE PRENDAS DE VESTIR.	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Esboza pezas de vestir, e xustifica a gama de color elixida e a combinación de texturas seleccionada.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Preparáronse os utensilios e os materiais necesarios para debuxar deseños de moda.

Criterios de avaliación
CA5.2 Seleccionouse un motivo inspirador do deseño que se deba realizar.
CA5.3 Efectuouse un esbozo do futuro deseño.
CA5.4 Compuxéronse varias combinacións e formas acordes ao motivo do deseño.
CA5.5 Aplicáronse combinacións de texturas, cores e motivos.
CA5.6 Elixíuse a combinación de texturas, cores e motivos apropiada á tendencia imperante no momento.
CA5.7 Respectáronse as proporcións antropométricas na elaboración.
CA5.8 Realizouse o esbozo con pulcritude e limpeza.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Signos, motivos, imaxes e inspiración de deseños que plasman materialmente unha idea.</p> <p>Aplicación de combinacións de cores inspiradas nun tema.</p> <p>Esbozos de moda: tipos. Realización segundo os tipos.</p> <p>Proporcións da figura humana na realización de figurinos. Canons de proporcionalidade da figura.</p> <p>Aplicación de motivos en diferentes materiais e texturas: peles, tecidos e outros materiais.</p> <p>Glosarios de moda e téxtil en relación coas pezas de vestir.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ELABORACIÓN DE PALETAS DE COR E TEXTURAS.	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora paletas de color e textura para a súa aplicación á confección, e xustifica a súa composición en relación co propósito en cada caso.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícanse as cores segundo criterios de harmonía e contraste.
CA4.2 Recoñécéronse os métodos adoptados internacionalmente para a catalogación e a identificación das cores.
CA4.3 Elaboráronse escalas cromáticas que se lle poden aplicar a un artigo.
CA4.4 Efectuáronse composicións de coloridos inspirados nun tema elixido.
CA4.5 Aplicáronse as composicións en diferentes materiais e texturas.
CA4.6 Recoñécéronse as texturas, os coloridos e os motivos empregados nos deseños.
CA4.7 Aplicáronse programas informáticos sobre o tratamento da cor.

4.4.e) Contidos

Contidos
Cor: código fisiolóxico da cor. Técnicas para a realización de composicións de cor: proporcións, simetría, equilibrio e escalas. Aplicación de composicións a obxectos ou ambientes. Psicoloxía da cor. Estudo e elaboración de paletas de color. Cores fundamentais: círculo cromático.

Contidos
<p>Cor luz e cor pigmento. Mestura aditiva e subtractiva.</p> <p>Características da cor: ton, saturación, brillo e luminosidade.</p> <p>Gama cromática: melódica, harmónica, fría, cálida e quebrada.</p> <p>Cor e iluminación.</p> <p>Temperatura de color: D50 e D65.</p> <p>Normas e métodos internacionais de catalogación dos cores: HSV, CMYK, RGB, Pantone e CIE.</p> <p>Colorímetro e programas de colorimetría informatizados para a determinación das coordenadas dunha cor e a súa utilización nos campos téxtil e da moda.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	IDENTIFICACIÓN DE TENDENCIAS.	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Identifica tendencias de moda e valora a información salientable en relación ao sector de poboación a que se dirixe e á tempada considerada.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse as características dos materiais asociados a cada tendencia.
CA6.2 Relacionouse a tendencia co sector ao que vaia dirixido (infantil, señora, xente nova, etc.).
CA6.3 Relacionáronse as tendencias co contexto social imperante (deportivo, tempo libre, etiqueta, etc.).
CA6.4 Identifícanse as principais vías para obter a información das próximas tendencias.

Criterios de avaliación

CA6.5 Extraeuse información de diversas fontes (revistas, noticiarios, internet, exposicións etc.).

4.5.e) Contidos
Contidos

O motivo como elemento inspirador na formulación dunha tendencia.

Influencia dos acontecementos políticos e artísticos na indumentaria.

Medios de comunicación na moda.

Moda actual e deseñadores: seguimento e análise sobre as tendencias dos deseñadores máis salientables do momento.

Tendencias clásicas: primavera-verán e outono-inverno.

Coincidencias en deseños da mesma tendencia e o mesmo autor.

Identificación dun estilo: imaxe dunha marca asociada a unha ideoloxía.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A COLECCIÓN DE MODA	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Esboza pezas de vestir, e xustifica a gama de color elixida e a combinación de texturas seleccionada.	NO
RA6 - Identifica tendencias de moda e valora a información salientable en relación ao sector de poboación a que se dirixe e á tempada considerada.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.3 Efectuouse un esbozo do futuro deseño.
CA5.7 Respectáronse as proporcións antropométricas na elaboración.
CA5.8 Realizouse o esbozo con pulcritude e limpeza.
CA6.6 Elaborouse un expediente sobre a información obtida acerca de tendencias e composicións de cores.

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Aplicación de combinacións de cores inspiradas nun tema.</p> <p>Proporcións da figura humana na realización de figurinos. Canons de proporcionalidade da figura.</p> <p>Aplicación de motivos en diferentes materiais e texturas: peles, tecidos e outros materiais.</p> <p>Recompilación, análise e tratamento da información sobre as tendencias actuais obtida a través de diferentes vías: salóns monográficos, feiras da moda, desfiles en pasarelas, revistas técnicas, museos, hemerotecas, internet, etc.</p>

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>5.a) Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo.</p> <p>A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d. e son resumidos a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Analizar a historia da vestimenta identificando tendencias da indumentaria e a moda desde o principio da humanidade ata os nosos días. -Utilizar linguaxe técnico apropiado para prendas, artigos e materiais complementarios.
--



- Manexar técnicas de representación de texturas e cartas de cores.
- Obter, seleccionar e presentar axeitadamente información de novas modas e tendencias a través de diversas fontes.
- Elaborar bosquexos e deseños básicos de novos modelos no vestir.
- Levar a cabo os pasos necesarios para a creación dunha colección de moda

As probas teórico-prácticas, e os traballos prácticos e actividades serán propostos tendo en conta os CA, e incidindo nos considerados mínimos esixibles

5.b) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Cualificación trimestral

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, por lo que ten un carácter continuo.

Tanto as probas escritas (teórico-prácticas) como os traballos que se realicen terán unha cualificación numérica entre 1 e 10.

Para que se poidan considerar avaliados positivamente terán que ter como mínimo un 5 .Se a nota é inferior a 5 esa parte deberá recuperarse antes da avaliación final do módulo e NON poderá ser compensada coas notas doutras partes facendo media. Nese caso, a nota do trimestre será como máximo un 4.

As partes aprobadas non terán que recuperarse e a nota final será recalculada unha vez recuperadas as partes suspensas.Non se realizarán recuperacións ao longo do curso. Habrá un periodo de recuperación antes da avaliación final ordinaria de xuño.

A cualificación trimestral será a suma das notas obtidas en todas as probas e traballos que correspondan a ese periodo, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes: media aritmética das probas escritas teórico-prácticas: 40%, media aritmética dos traballos prácticos e actividades 60%

- PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (40%):

Serán preguntas de resposta curta nas que as incorrectas contarán negativamente, e/ou recoñecemento de tipoloxías de pezas, e/ou recoñecemento de pezas icónicas do deseño ou dos diferentes momentos da historia. Estarán basadas nos Criterios de avaliación traballados en cada período. Poderá haber unha ou varias probas.

A non asistencia a algunha/s de esta/s proba/s suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación.

Non se realizarán repeticións de probas (agás casos excepcionais debidamente xustificadas)

- TRABALLOS PRÁCTICOS E ACTIVIDADES (60%):

Poderán ser:

- Elaboración de figuríns con pezas e planos de pezas sinxelas a través de programas informáticos de deseño e a man.
- Traballos de búsqueda e síntese de información sobre deseñadores, tendencias e tipoloxía de pezas de vestir en diferentes momentos da historia.
- Identificación de tendencias, estilos, siluetas, liñas e materiais en coleccións de moda.
- Elaboración de paneis de inspiración, cartas e paletas de cores e presentación de coleccións.

Poderán realizarse na clase e/ou na casa.

Avaliaranse individualmente. Valorarase a presentación e, no seu caso, a exposición dos mesmos.

A entrega en tempo e forma dos traballos será un dos aspectos contemplados na valoración dos mesmos, polo que os traballos que non cumplan este punto non poderán optar á nota máxima.

A falta de entrega dun traballo suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

Será a media aritmética da nota que se saque nos tres trimestres. A nota do terceiro trimestre será a da avaliación final.

As recuperacións serán ao remate do curso, antes da avaliación final de xuño. Haberá un periodo de tutorías para que o alumnado con partes suspensas poida consultar dúbidas e realizar os traballos que non foron entregados no seu momento. O tipo de probas, traballos e criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados durante o curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Alumnado co módulo pendiente

O alumnado que promocioe a segundo curso, con este módulo pendiente de 1º, cumprindo os requisitos que para elo se establecen nas instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional para este curso académico, deberá realizar actividades de recuperación no primeiro e segundo trimestres deste segundo ano (Outubro a Marzo).

As actividades, que se deseñarán a partir do informe individualizado, poderán incluír unha proba de coñecemento, de produción ou de desempeño na que o alumno/a evidencie o dominio da capacidade asociada aos CAs non superados no curso anterior.

Para recuperar o módulo será preciso superar todos os CAs, incidindo sobre todo naqueles non superados e nos mínimos esixibles..

En cada un dos exames teórico-prácticos e traballos e actividades que contemplan CAs considerados mínimos esixibles haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superar o módulo. As cualificacións destas probas só farán media cando a súa puntuación sexa cando menos dun 5 sobre 10 (NON poderán compensarse coa nota doutras probas)

Alumnado que esté cursando o módulo

O alumnado que está cursando o módulo e que non supere algunha das probas ou actividades/traballos, terá unha oportunidade de recuperación antes da avaliación final de xuño.

Repetiranse aqueles exercicios e traballos que estiveran suspensos e realizarán as probas escritas correspondentes. Ás probas e actividades superadas durante o curso manteráselles a nota. As partes aprobadas non terán que recuperarse e a nota final será recalculada unha vez recuperadas as partes suspensas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito a avaliación continua (véxase guía do alumnado) terá unha ou varias probas específicas teórico-prácticas nas que se demostrará o dominio dos CAs asociados a cada unha das Unidades Didácticas.

Estas probas, serán diferentes das que se lle fagan aos alumnos e alumnas que sexan avaliados ordinariamente e realizaranse no mes de xuño, en período previo á avaliación final do módulo, na data sinalada pola Xefatura de Estudos.

As probas consistirán na elaboración de figuríns, planos de pezas, paneis de inspiración e coleccións a man e a ordenador e na resposta a cuestionarios de preguntas curtas nas que as incorrectas contarán negativamente. Serán avaliados cunha nota de entre 1 e 10. A nota final do módulo será o resultado da suma das notas das dúas partes na seguinte proporción: actividades prácticas 70%- Cuestionarios 30%

O alumno ou alumna deberá obter unha nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes para superar o módulo.

Alumnado con ausencias prolongadas por causa xustificada:

O alumnado nesta situación deberá realizar unha proba teórico-práctica antes de rematar o trimestre.

Nesta proba recolléranse os criterios de avaliación asignados ao trimestre que non teña demostrados nas entregas e/ou probas realizadas debido á ausencia. A finalidade é demostrar que adquiriu as mesmas destrezas e coñecementos que o resto do grupo.

Se non se presenta á proba, contaránse as entregas e probas ordinarias e a calificación trimestral será como máximo un 4.
A xustificación de faltas será segundo o recollido na Guía do alumando

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de educación, daremos resposta á atención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estamos a nos referir a alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos con altas capacidades intelectuais, así como alumnos extranxeiros incorporados ao noso sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, se revisarán os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A adaptación curricular será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propóndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

- 1.-Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.

- 2.-Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- 3.-Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. . Asemade reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- 4.-Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar o seu rendemento.
Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.
- 5.-Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:
 - As capacidades terminais e os contidos
 - Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
 - Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
 - Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
 - Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
 - A metodoloxía
 - Técnicas de traballo cooperativo.
 - Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
 - Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
 - Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno/a, mellora-la súa autoestima.
 - A avaliación
 - Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ó longo de todo o curso, favoreceranse os seguintes:

Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, tódolos contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e a o Medio Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene.

Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de conseguir persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia. Igualdade entre mulleres e homes.
Integración do alumnado con discapacidade.
Fomentar o traballo en grupo así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material a través de diferentes actividades.
Reciclar papel e materiais de refugallo que se poidan producir en calquera das clases do ciclo co fin de conseguir ser respetuosos co medio ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no Centro Integrado.

Visitas a empresas téxtiles.

Asistencia a feiras e eventos locais ou nacionais relacionados co mundo da moda e as tendencias.

Tanto o calendario, como as empresas e feiras determinaranse ó longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, no caso das empresas, cando estas indiquen a data na que nos poden recibir.

Tratarase de establecer contactos con algunha personalidade do mundo da moda para que imparta algunha charla ou conferencia no mesmo Centro ou fora deste.

10. Outros apartados

10.1) Proxecto Plurilingüe

Este proxecto está enfocado ao alumnado do Ciclo Superior de réxime ordinario CS PATRONAXE E MODA, da familia profesional de Textil, Confección e Moda. Que se imparte na quenda de vespertino, e decir de 15:20 a 21:40 h.

O perfil do alumnado deste ciclo, adáptase ao proxecto de Centros Plurilingües. Tendo en conta a mobilidade neste sector, de profesionais en países estranxeiros. Así como a necesidade de coñecer nunha lingua estranxeira o vocabulario técnico do ciclo.

A lingua estranxeira na que se imparte é o INGLÉS.

O Proxecto Plurilingüe desenvólvese no 1º ano do Proxecto no módulo MODA E TENDENCIAS do primeiro curso do ciclo superior de Patronaxe e Moda cunha carga lectiva de catro horas semanais; e no 2º ano do Proxecto no módulo ANÁLISE DE DESEÑOS EN TÉXTEL E PEL do segundo curso do ciclo superior de Patronaxe e Moda, cunha carga lectiva de catro horas semanais. Este módulo pode considerarse como complementario e como continuación do módulo de Moda e Tendencias tanto no seu aspecto lingüístico como non lingüístico (moda de vangardía, accesorios, marketing de moda, etc.) e por tanto permite afianzar e



incrementar os coñecementos e as competencias adquiridas no módulo de primeiro usando a lingua vehicular do inglés.

10.2) Aula virtual

Ao longo de todo o curso utilizarase a aula virtual como ferramenta fundamental para o intercambio de material didáctico co alumnado e será o medio preferente para a realización de probas escritas, e entrega de traballos e outros documentos. Así mesmo será a vía de comunicación habitual para trasladar información diversa de interese entre a docente e o alumnado.